

Número 9 - Ano 2021.

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de xullo de 2021

Sendo ás dez horas e cinco minutos do día vinte e nove de xullo de vinte e un, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, que xustificou a súa ausencia

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 26 de xullo de 2021 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DIA:

A) PARTE RESOLUTIVA

CULTURA

1. RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 5521 DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, DO 25 DE XUÑO DE 2021, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2022.

PERSOAL

2. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA UN SEGUNDO POSTO DE TRABALLO.

PROPOSICIÓNS

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 244/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A PROMOCIÓN DUN OCIO XUVENIL SAUDABLE E SEGURO.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 245/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA FACILITAR AOS MOZOS O ACCESO Á VIVENDA.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 249/2021 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO DO XACOBEO 21-22.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 250/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA UNIR O PARQUE ROSALÍA DE CASTRO CO PARQUE DO MIÑO ATRAVESANDO CON PASARELA MARCOS CELA.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 251/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO PROMOVA A CAPTACIÓN DE TURISTAS CARA A CIDADE DE LUGO.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 252/2021 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

URBANISMO

9. RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE DÁ CONFORMIDADE Á HOMOXENEIZACIÓN DOS NIVEIS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CATALOGADO NO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI), EN RELACIÓN COS ESTABLECIDOS NA LEI 5/2016, DO 4 DE MAIO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA.

PERSOAL

10. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4726 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS, RELATIVO AO LEVANTAMENTO DE REPARO DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS REALIZADOS POR PERSOAL DO TALLER DE AUGAS NOS MESES DE MARZO, ABRIL, MAIO, XUÑO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2020.

ACTAS E GOBERNO

11. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE XUÑO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

A) PARTE RESOLUTIVA

CULTURA

1/106 RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 5521 DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, DO 25 DE XUÑO DE 2021, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2022.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DE ACORDO DO XEFE DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, do 30 de xuño de 2021, do seguinte teor literal:

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

“RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 5521/2021 DO 25/06/2021 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2022.

Examinado o expediente tramitado para estes efectos e visto o informe do Servizo de Cultura de data 24/06/2021 no que se fai constar:

“Á vista da comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, en relación coa elaboración do calendaio laboral para o ano 2022, e tendo en conta que para a elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinal as festas de carácter local, o funcionario que suscribe informa o que segue:

Que tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán”.

E que á vista do prazo que sinala a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, entende que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio o 1 de marzo, martes de entroido, e o 5 de outubro, San Froilán”.

O funcionario que suscribe propón ao Excmo. Concello Pleno a ratificación do Decreto da alcaldía núm. 5521/2021 do 25/06/2021, que seguidamente se transcribe:

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Tareixa Ferreiro Tallón Tenenta da Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2022.

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, na parte expositiva do mesmo faise consta-lo seguinte:

“Á vista da comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2022, e tendo en conta que para a elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinal as festas de carácter local, o funcionario que suscribe informa o que segue:

Que tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán.

E que á vista do prazo que sinala a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, entende que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio o 1 de marzo, martes de Entroido, e o 5 de outubro, San Froilán.”.

Procede someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno. No uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía os artigos 124 e 126 e concordantes do texto vixente da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e 12 e 28 e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto núm. 19005684 do 01/07/2019 na súa redacción actual e pola Xunta de Goberno Local mediante acordo núm. 28/452 de 17/07/2019.

RESOLVO:

1º.- Propoñer á Xefatura Territorial de da Consellería de Emprego e Igualdade o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2022:

-1 de marzo (martes de Entroido)

-5 de outubro (San Froilán).

2º.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.

Cúmprase.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS, emitido na sesión celebrada o día 22 de xuño de 2021.

Sometido o asunto a votación, acádanse os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Ratificar o o Decreto da Alcaldía núm. 5521/2021 do 25/06/2021, que seguidamente se transcribe:

“DECRETO

Ilma. Sra. Dona Tareixa Ferreiro Tallón Tenenta da Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2022.

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, na parte expositiva do mesmo faise consta-lo seguinte:

“Á vista da comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2022, e tendo en conta que para a elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinala as festas de carácter local, o funcionario que subscribe informa o que segue:

Que tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán.

E que á vista do prazo que sinala a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, entende que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

senalando como festas locais deste municipio o 1 de marzo, martes de Entroido, e o 5 de outubro, San Froilán.”

Procede someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno. No uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía os artigos 124 e 126 e concordantes do texto vixente da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e 12 e 28 e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto núm. 19005684 do 01/07/2019 na súa redacción actual e pola Xunta de Goberno Local mediante acordo núm. 28/452 de 17/07/2019.

RESOLVO:

1º.- Propoñer á Xefatura Territorial de da Consellería de Emprego e Igualdade o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2022:

-1 de marzo (martes de Entroido)

-5 de outubro (San Froilán).

2º.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.

Cúmprase.”

PERSOAL

2/107 SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA UN SEGUNDO POSTO DE TRABAJO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos, e vistos:

1.- INFORME DO XEFE DO SERVIZO DE PERSOAL, conformado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Economía e Recursos Humanos, do seguinte teor:

“JUAN COCHO SAHAGÚN , Xefe do servizo de Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Asunto: Autorización de compatibilidade solicitado por don Armando Morales Blanco

Antecedentes de feito

1.- Solicitud de recoñecemento de compatibilidade presentada por don Armando Morales Blanco, persoal laboral do Concello de Lugo, (músico da Banda e da Escola de Música Municipal -músico primeira parte-saxo encadrado no Grupo C2, nivel 17) co desempeño dun posto de traballo como docente de música y director de escola da Asociación Músico Crisanto.

2.- Se aporta certificado de 11 de maio de 2021 de D. Pablo Rabade Cacharrón, con DNI 33847977-G, presidente da Asociación Músico Crisanto, no cal se CERTIFICA:

• Que foi ofrecido a D. Armando Morales Blanco, con DNI 76864427-Z, un posto de traballo como docente de música e director das nosas escolas, que comezaría no momento en que lle fose posible contar coa aprobación do seu empregador actual.

- Que o horario lectivo como docente se realizaría os venres de 10.00 a 14.00 (4h) e de 19.30 a 22.30 (3h) e os sábados de 10.00 a 13.00 (3h) mentres que o horario correspondente dirección se realizaría nas tardes do martes e xoves nun horario de 17.00 a 22.00 que podería ser adaptado en función das actividades puntais da escola (audicións, concertos...), mail nunca de forma que fose coincidente co seu actual horario de traballo para o Concello de Lugo.

- Que a interesado percibiría por este traballo a seguinte retribución: 1.269,72€ brutos coas correspondentes deducións de IRPF e cota obreira.

3.- Informe favorable de 08/06/2021 do xefe de servizo de cultura, turismo e promoción da lingua do Concello de Lugo no que se pon de manifesto que :

No Certificado da Asociación Músico Crisanto de 11 de maio de 2021 que se achega co expediente indícase que a oferta laboral realizada a este traballador nunca será coincidente co horario que desempeña no Concello de Lugo. Por dito motivo non existe inconveniente en que se autorice a compatibilidade solicitada sempre que a actividade a desenvolver noutro ámbito laboral non menoscabe ou interfira a realizada polo traballador no Concello de Lugo debendo respetar tódalas actividades que se poidan programar no desenvolvemento das súas funcións conforme á Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal da Administración Pública.

4. En data 17/06/2021 Armando Morales Blanco presenta escrito renunciando al complemento específico.

4. En data 17/06/2021 Armando Morales Blanco presenta:

Certificado de fecha 17/06/2021 de D. Pablo Rabade Cacharrón, con DNI 33847977-G, presidente da Asociación Músico Crisanto, no cal se CERTIFICA:

- Que foi ofrecido a D. Armando Morales Blanco, con DNI 76864427-Z, un posto de traballo como docente de música e director das nosas escolas, que comezaría no momento en que lle fose posible contar coa aprobación do seu empregador actual.

- Que o horario lectivo como docente se realizaría os venres de 10.00 a 14.00 (4h) e de 19.30 a 22.30 (3h) e os sábados de 10.00 a 13.00 (3h) mentres que o horario correspondente dirección se realizaría nas tardes do martes e xoves nun horario de 17.00 a 19.30 que podería ser adaptado en función das actividades puntais da escola (audicións, concertos...), mail nunca de forma que fose coincidente co seu actual horario de traballo para o Concello de Lugo.

- Que a interesado percibiría por este traballo a seguinte retribución: 1.269,72€ brutos coas correspondentes deducións de IRPF e cota obreira.

-Fundamentos de Dereito

- A Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas establece:

Artigo 11.1. De acordo co disposto no artigo 1º,3, da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

Artigo 12.1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes: a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que estea a intervenir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior. 2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.

2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.

Artigo 14. O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fose das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

Según informe do xefe de servizo de cultura, turismo e promoción da lingua do Concello de Lugo "no Certificado a indícase que a oferta laboral realizada a este traballador nunca será coincidente co horario que desempeña no Concello de Lugo. Por dito motivo non existe inconveniente en que se autorice a compatibilidade solicitada sempre que a actividade a desenvolver noutro ámbito laboral non menoscabe ou interfira a realizada polo traballador no Concello de Lugo debendo

respetar tódalas actividades que se poidan programar no desenvolvemento das súas funcións conforme á Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal da Administración Pública”.

Segundo o Certificado da Asociación Músico Crisanto de data 17/06/2021 redúcese a xornada laboral a 15 horas semanais, inferior da metade da xornada semanal ordinaria.

-DT 9ª.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia:

2. En tanto non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto por medio de lei, poderá recoñecerse, conforme ao disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade. No caso de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade a condición de que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

En data 16/06/2021 Armando Morales Blanco presenta escrito renunciando ao complemento específico.

- Órgano competente para a autorización: A declaración de compatibilidade requerirá a declaración formal por parte do Pleno da Corporación, a teor do disposto no artigo 13.3 do RD 1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Examinado o expediente e tendo en conta o anterior propónse:

PRIMEIRO: Que polo Excmo. Concello Pleno se autorice a compatibilidade de DON ARMANDO MORALES BLANCO para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado como docente de música y director de escola da Asociación Músico Crisanto, sempre que a actividade a desenvolver noutro ámbito laboral non menoscabe ou interfira a realizada polo traballador no Concello de Lugo debendo respetar tódalas actividades que se poidan programar no desenvolvemento das súas funcións conforme á Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal da Administración Pública.

SEGUNDO: Se proceda ó desconto da cantidade mensual na retribución á aboar polo Concello ó traballador o complemento específico correspondente ao seu posto de traballo.

TERCEIRO: Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 23 de xullo de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a compatibilidade de DON ARMANDO MORALES BLANCO para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado como docente de música y director de escola da Asociación Músico Crisanto, sempre que a actividade a desenvolver noutro ámbito laboral non menoscabe ou interfira a realizada polo traballador no Concello de Lugo debendo respetar todas as actividades que se poidan programar no desenvolvemento das súas funcións conforme á Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal da Administración Pública.

SEGUNDO.- Proceder ó desconto da cantidade mensual na retribución á aboar polo Concello ó traballador o complemento específico correspondente ao seu posto de traballo.

TERCEIRO.- Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

PROPOSICIÓNS

3/108 PROPOSICIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 244/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A PROMOCIÓNS DUN OCIO XUVENIL SAUDABLE E SEGURO (Exp. 2021/G004/000640).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 244/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada pola Comisión Permanente Ordinaria de Cohesión y Dinamización Social, celebrada o día 22 de xullo de 2021, e que seguidamente se transcribe:

“Segundo informes publicados polo Ministerio de Sanidade, nos últimos anos estase a producir un cambio no patrón do consumo de alcohol nas xeracións máis novas. Consúmese alcohol en cantidades máis elevadas, nun espazo de tempo máis curto, sendo habitual na vía pública, o que acaba xerando, en moitas ocasións, problemas de orde público, incluso, as veces, con violencia.

Por desgraza, o alcohol está a ser un elemento esencial do ocio xuvenil e unha forma de socializar.

A esta situación tampouco é allea a cidade de Lugo, desde que rematou o estado de alarma o pasado 9 de maio, e tamén durante o meses nos que aínda había toque de queda, puidemos ver concentracións de mozos e mozas, en distintas zonas da cidade, sen respectar na maioría das ocasións, as medidas de seguridade, o que conleva un gran risco de contaxio. Perigo que xa se está a converter en realidade ao incrementarse o número de contaxiados entre as xeracións máis novas. Porque a batalla contra o coronavirus aínda non rematou, a pesar do cese das duras limitacións impostas.

Este tipo de comportamento absolutamente irresponsable que incumpre todas as medidas sanitarias fai necesario que desde as administracións se tomen todas as precaucións para evitar que estas concentracións poñan en risco a saúde na nosa cidade.

A estas consecuencias, hai que engadir os actos vandálicos que se suceden que están a afectar ao noso patrimonio histórico en espazos protexidos e no mobiliario urbano en distintas zonas da cidade. Espertamos nas fins de semana coas rúas do noso casco histórico cheo de lixo, cristais e tamén con outros incidentes, como pelexas, que acaban con feridos.

Ninguén dubida dos meses duros que sufriron os nosos mozos e mozas e o cambio brutal acontecido nos seus hábitos de socialización, pero estas imprudencias poden ter efectos e consecuencias nefastas para a recuperación

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

sanitaria e tamén, por suposto, económica.

En xullo de 2020, a Xunta de Galicia aprobou unha resolución na que se prohibía beber na rúa como medida de control ante a pandemia e a recente modificación da lei de saúde, aprobada en febreiro de 2021, prohibe nun dos seus artigos o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e outros lugares de tránsito público. A pesares de existir normativa ao respecto, o día a día, e sobre todo nas noites dos fins de semana, amosa que segue a ser algo habitual e difícil de controlar.

Durante todos os meses da pandemia, existiron moitas restriccións que afectaron en gran medida, aos locais de hostalería, e os locais de ocio nocturno aínda acaban de abrir as súas portas despois de moitos meses pechados, e tamén coa esixencia de cumprir con medidas de seguridade. Se pedimos e esiximos que estes locais cumpran coa legalidade, é dificilmente defendible que existan estas concentracións sen cumprir nin a máis mínima medida de seguridade, e que sexan totalmente impunes. Ademais do risco extremo que por si mesma esta actividade conleva, hai que salientar o dano económico e a inseguridade xurídica que afecta ao sector da hostalería e do ocio nocturno.

De aí que sexa preciso intensificar a presenza policial naquelas zonas onde de xeito habitual se levan a cabo botellóns: atrio da catedral, parque de Rosalía, zona de O Carme, etc. e igual modo, que poñer en marcha alternativas de ocio xuvenil nocturno, que os manteña alonxados dun consumo excesivo de alcohol e poidan compartir o seu tempo de lecer en outro tipo de actividades.

Desde Ciudadanos Lugo, consideramos imprescindible poñer en marcha unha serie de iniciativas de ocio saudables e atractivas, que rompa cos hábitos existentes e fomenten espazos de encontro e diversión. Non só son necesarias actividades para o lecer diurno, senon que é preciso plantexalas tamén para a tarde/noite.

Por todo isto, propoñemos ao pleno os seguintes puntos de acordo:

1. Instar ao Goberno local a incrementar a presenza policial nas zonas onde de xeito habitual se realizan botellóns, levando a cabo unha acción coordinada entre as distintas forzas de seguridade presentes na cidade, para efectivizar os recursos humanos dispoñibles.

2. Instar ao Goberno local a promover a instalación de cámaras de seguridade naquelas zonas protexidas e de alto valor patrimonial que sufran de xeito reiterado actos vandálicos para disuadir dos mesmos e protexer o noso patrimonio histórico e cultural.

3. Instar ao Goberno local a poñer en marcha un campaña de concienciación e sensibilización dirixido aos mozos e mozas lucenses sobre as consecuencias dun consumo excesivo de alcohol, aos que se unen neste momento os perigos asociados á pandemia.

4. Instar ao Goberno local a deseñar e poñer en marcha unha programación de ocio diúrno e nocturno xuvenil axeitado ás súas demandas, contando coa participación e aportacións de entidades xuvenís, culturais e deportivas para a elaboración da mesma.

5. Actualizar e dotar de contido na páxina web municipal o espazo dedicado

a xuventude, onde se visualicen todas as actividades programadas e onde se poidan recibir suxestións e propostas da mocidade de cara a novas programacións ou contidos a ter en conta.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno, **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos co grupo proponente, con Cidadáns, 3 minutos para a súa portavoz.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moitas grazas e moi bos días a todos e a todas. Pois, a pesar de ser habitual nos anos 80 e 90, a verdade é que foi nos últimos anos cando as concentracións nas rúas e parques para consumir alcohol se converteron no que parece ser a única alternativa de ocio para moitos mozos e mozas.

Por todos son coñecidos os efectos negativos que o alcohol pode acarrear na saúde, efectos que ademais nestes momentos de pandemia pois están a ser incrementados por ser espazos nos que non se gardan as debidas medidas sanitarias de prevención e se produce maior número de contaxios, sobre todo desde que finalizou o estado de alarma, o que está a provocar novas restricións que afectan a sectores económicos como o da hostalaría ou o ocio nocturno.

Pero, ademais, este ocio nocturno, este consumo excesivo de alcohol, perdón, tamén está a producir outras consecuencias graves e preocupantes, ataques ao noso patrimonio histórico e cultural e accións violentas que acaban coa intervencións das forzas de seguridade e con atendidos nos hospitais.

E seguro que ninguén de nós pon en dúbida o gran esforzo que se lles pediu á nosa mocidade, que durante moitos meses viron absolutamente reducida a súa vida social e as súas relacións persoais, pero isto non pode servir para non tomar

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

as medidas necesarias para que as accións irresponsables duns poucos lle afecten a todos.

Os coñecidos xeralmente como botellóns seguen prohibidos por unha normativa autonómica, pero calquera de nós pode comprobar como un venres ou un sábado pola tarde noite dúcias de rapaces se concentran por exemplo no parque Rosalía para beber. Isto ademais está a provocar desperfectos no mobiliario urbano e un incremento do lixo e tamén dos cristais para usuarios dos parques infantís.

Cando falamos dos problemas que ocasiona o consumo excesivo de alcohol como forma de ocio, téndese a culpabilizar os nosos mozos e mozas, pero tampouco se lles está a ofrecer outro tipo de ocio alternativo chamativo e barato que lles poida resultar atractivo da mesma maneira, e, se existe, non se está a fomentar o suficiente.

Por iso desde o noso grupo municipal queremos que esta Administración local se involucre coa nosa mocidade e poña en marcha iniciativas que fomenten outro tipo de ocio, cunha programación que conte coas súas propostas para que lle resulte máis atractiva e que conte cun espazo propio de información e de publicidade dentro da web municipal para coñecer sempre en tempo real as distintas opcións que teñen á súa disposición. Non podemos pedirles que modifiquen os seus hábitos de ocio se non lles ofrecemos a oportunidade de contar con outro tipo de actividades nas que tamén son posibles as relacións sociais e a diversión.

Ao mesmo tempo que as campañas de sensibilización e concienciación dos problemas que acarrea o consumo excesivo de alcohol deben seguir presentes nos centros educativos, porque hoxe está a ser un dos problemas máis graves que afectan ao conxunto dos adolescentes, e cada vez a unha idade máis temperá. Os efectos negativos que se están a producir nestes meses por estas concentracións exixen, por outra banda, que a presenza policial sexa continua, e para iso e tendo en conta que se conta con poucos efectivos, debe ser unha presenza coordinada para alcanzar maior efectividade. Sabemos que esta coordinación se está a levar a cabo, pero os botellóns tenden a producirse, igual que os actos vandálicos e as pelexas, que están a causar sensacións de inseguridade para o resto da cidadanía. Por iso nos parece fundamental que o equipo de Goberno valore novamente a posibilidade de instalar as cámaras de vixilancia, sobre todo en espazos onde os danos patrimoniais se repiten e son máis grandes. Débense converter nun elemento disuasorio que pode servir para axudar a comprobar responsabilidades en caso de ser preciso coñecerlas.

Desde Ciudadanos queremos que a nosa mocidade poida contar con alternativas de ocio que lle permita seguir desfrutando dos seus amigos, da súa vida social, dos seus encontros, pero sempre coas medidas de prevención necesarias neste momento e sobre todo para que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, o concelleiro de Xuventude.

- **MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN:** Buenos días, alcaldesa, gracias.

Primero, aclararle que su propuesta ya empieza mal. Usted registra en el Pleno una propuesta para la promoción de un ocio juvenil saludable y seguro y, si usted es conocedora de que desde algún área de Juventud o cualquier área del Concello se promueva un ocio juvenil insaludable e inseguro, háganoslo saber porque seremos los primeros en tomar cartas en el asunto.

Recientemente venimos de aprobar el IV Plan municipal de prevención de drogodependencias, elaborado por los técnicos del Servicio de Atención de Drogas del Concello de Lugo, en conjunto y en colaboración, por supuesto, con este equipo de Gobierno. Plan que incluye la prevención de drogodependencias en adicciones con sustancias, y sin ellas, atendiendo a las nuevas adicciones, como son las nuevas tecnologías y como puede ser la nomofobia, el ... **(non se entende)** ..., las apuestas online o el cyberbullying. Partiendo como punto de apoyo para dicho plan un estudio epidemiológico recientemente elaborado de forma conjunta por la Universidad del Campus de Lugo y el Concello de Lugo. O sea, sí, datos reales de nuestros jóvenes de nuestro municipio. Este equipo de Gobierno seguirá trabajando día tras día en la prevención por entender que es ahí donde debemos incidir y así lo seguiremos haciendo. Recientemente se ha lanzado una campaña de sensibilización de consumo responsable de alcohol con colaboración de hosteleros y superficies comerciales y 24 horas para jóvenes de entre 14 y 35 años.

Usted también ha pedido información a la Policía Local, al jefe de Policía Local, y también le tiene que constar; usted quiere estigmatizar a los jóvenes de Lugo con el botellón. Lugo cuenta con una población juvenil censada de unos 22.000 jóvenes entre 14 y 35, y solo constan en un año, de junio de 2020 a junio de 2021, 200 actas por este motivo de botellón. Y se le informa desde la Policía Local que esa es la realidad y que se trabaja de forma conjunta con todas las fuerzas de seguridad y que sepa que también tiene que ponerse al día.

Hemos programado actividades de ocio atractivas para los jóvenes de forma constante. Sabemos la realidad que están a pasar y somos los primeros en estar ahí. Hemos organizado cursos de formación para mejorar su empleabilidad, conducción de 4x4, apoyo escolar, Sábados Más por Ti, actividades deportivas, artísticas, de baile, de cocina, rocódromo, actividades juveniles para las familias con apoyo psicológico para los adolescentes, jurídicas, nutricionales, cursos de DJ, rutas de senderismo, monólogos, batallas de gallos, graffitis... Hemos creado el parque también del skate para que puedan también tener ese ocio saludable vinculado al deporte. Hemos hecho campamentos, cursos de reparación de móviles y de electrónica, cursos de monitor de tiempo libre, campamentos de verano, multiaventura, rutas saludables, campañas de prevención de institutos y universidades, rutas de arte urbano, talleres audiovisuales y de fotografía, yoga, pilates, aerobic latino, costura creativa, preparaciones para el examen del First... Entonces no puede...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou a súa quenda. Quenda agora para a portavoz do Partido Popular, 3 minutos.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

- **MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA:** Gracias, alcaldesa. Ya les anticipo que desde este Grupo Municipal del Partido Popular vamos a votar favor de esta proposición, ya que se trata de un remix de proposiciones ya realizadas por este mismo grupo que les habla.

En octubre de 2020 el Partido Popular les propuso instalar cámaras de videovigilancia para prevenir y minimizar las consecuencias de las agresiones vandálicas al patrimonio y mejorar la seguridad de las personas. Además, servirían de elemento disuasorio para las personas que tengan intención de cometer actos que atenten contra los ciudadanos, el patrimonio y edificios públicos. Por ello, seguimos optando por la elaboración de un estudio de videovigilancia en nuestra ciudad, Lugo, más teniendo en cuenta que por diferentes causas en los últimos meses creció la sensación de inseguridad en nuestra ciudad.

Es necesario también la puesta en funcionamiento de la red de cámaras de seguridad existente en El Ceao y que llevan apagadas una década. Les recuerdo también que el 15 de julio de 2021 el Grupo Municipal Popular se sumó públicamente a la preocupación de todos los negocios que hay en el casco histórico de Lugo debido a los altercados y concentraciones de personas en botellones y reclamando un plan municipal contra el botellón. Hace unos días desde este grupo municipal nos reunimos con los hosteleros del casco histórico afectados por los botellones para consensuar posibles medidas para poner freno a este tipo de prácticas. Pero no queda ahí la cosa, en mayo de este mismo año este grupo municipal también propuso la promoción hábitos de vida saludables, recordando que esta ciudad forma parte de la Red Española de Ciudades Saludables y que como Administración pública este Concello tiene el deber de incentivar el cambio de aquellos factores que influyen negativamente en la salud de las personas. Y una forma de hacerlo es llevar a cabo acciones dirigidas a fomentar hábitos de alimentación saludables, la práctica de actividad física de forma regular, la prevención de la obesidad y la reducción del consumo de alcohol, tabaco y cualquier otro tipo de sustancias adictivas. En definitiva, fomentar la salud.

Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda. Minuto e medio para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Bueno, en primeiro lugar, señor Repetto, home só faltaría que desde o Concello de Lugo se promovese o consumo de alcohol; en ningún momento se está a poñer en dúbida o labor que se está realizando, pero, como vostede pode saber e como se publicita que non estamos a falar durante as fins de semana, por exemplo, venres e sábado, a actividade de tarde-noite que se lle dedica aos xoves da cidade promovida por esta Administración local é inexistente. E, se non, mire calquera noticia que pode ver de fin de semana de calquera medio de prensa aparecen as actividades que se poden realizar e non aparece ningunha por parte desta Administración local.

Fala vostede de 200 denuncias da Policía Local, tamén é certo que moitos deles afirmaban que, cando se acercaban a un espazo en que se estaba a practicar

o botellón, pois os mozos e mozas escapaban para que non fosen multados, porque é unha actividades que está prohibida. Eu invítoos a que calquera venres ou calquera sábado pola noite se acerque á tarde-noite ao parque de Rosalía, ao Carne, para que vostede vexa se realmente se está a levar a cabo estes botellóns ou non. O problema non é que se realicen, o problema é que é un problema para a súa saúde, se están incrementando os contaxios, porque son espazos nos que non se están a realizar as medidas de prevención, e nós simplemente propoñemos que se leven a cabo outro tipo de iniciativas e que se conte coas súas aportacións para que sexan máis atractivas, porque seguramente eles terán outras ideas ou poderán poñernos, darnos novas iniciativas que lles resulten máis atractivas para o ocio nocturno ou para o ocio da tarde.

É unha proposta propositiva, e nunca mellor dito, na que se está a falar de situacións reais que están acontecendo na nosa cidade e se lles pon ou se lle está dando ideas para poñerlles remedio. Se vostedes non o queren levar a cabo, seguiremos vendo como se levan a cabo prácticas do botellón, consumo excesivo de alcohol nos nosos mozos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o partido do Goberno.

- **MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN:** Gracias, alcaldesa.

Está claro que a única alternativa que ofrecen el Partido Popular y Ciudadanos es colocar cámaras de videovigilancia. Eso es la alternativa de ocio que usted quiere social, seguro y saludable para los jóvenes. Por supuesto, votaremos que no, porque ya lo estamos haciendo, porque ya tenemos los Sábados Más por Ti, hemos celebrado el décimo aniversario de la Casa de la Juventud con un montón de actividades que se llevan desarrollando todo este año y, por supuesto, lo que sí como comprenderá para este equipo de gobierno el área de Juventud es prioritaria, por eso estamos y seguiremos trabajando para mejorar sus oportunidades en todos los ámbitos, y hoy más que nunca estaremos a la altura para dar respuesta a sus necesidades.

Señora Louzao, la invito para que se inscriba en el próximo curso de DJ porque necesita cambiar el disco.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA:** Señor Repetto, como siempre, su equipo de Gobierno no escucha.

En mayo desde el Partido Popular hemos hecho varias propuestas para fomentar los hábitos de vida saludable entre los ciudadanos de nuestra ciudad, Lugo. Y, por cierto, le seguimos recordando a este bigobierno que invertir en salud es una de las mejores decisiones inversiones que puede hacer cualquier Administración pública y además mejorar la seguridad beneficiará a toda la ciudadanía, y no son incompatibles.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

Una vieja demanda del Partido Popular es que este Concello cuente con una normativa que regule, entre otras cuestiones, el botellón. Seguramente me van a responder que eso es deber de otras administraciones, como siempre, sin escuchar y lanzar balones fuera, y que no hace falta este tipo de normativa en Lugo. Por favor, lean la prensa, vean los titulares y se darán cuenta de que algo hay que hacer. La Ordenanza de Convivencia debe ser un documento razonado y consensuado con los grupos formados por toda esta Corporación, pero también con toda la sociedad. Sabemos también que la señora alcaldesa es proclive a que Lugo cuente con esta normativa, pero es más proclive a estar sentada en su sillón con el bastón de mando y por ello acepta el chantaje del BNG, que ya la avisó y le dio un ultimátum: si apoya o intenta sacar esta ordenanza adelante, se acabó el pacto de Gobierno. Señores, señoras del bigobierno, preocúpense más por la seguridad y la salud de los lucenses, que, repito, no es incompatible y menos por la publicidad y la foto.

Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Repetto, a súa actitude é normal neste Goberno de poñerse á defensiva e de non escoitar os que estamos intentando facer cousas que nos están a facer por parte do equipo de Goberno e isto é ao que nos leva. Ao mellor quizais se a área de Xuventude se dirixira na rúa e non no despacho iríanos moito mellor aos lucenses na súa maioría e tamén aos nosos mozos e mozas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois pasamos a proceder entón á votación da proposta.

4/109 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 245/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA FACILITAR AOS MOZOS O ACCESO Á VIVENDA (Expte. 2021/G004/000641).- Vista a devandita proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 245/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación á Pleno foi ditaminada na Comisión de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial, celebrada o día 23 de xullo de 2021, e que seguidamente se se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El pasado mes de abril el Banco de España publicó un estudio sobre la Crisis del COVID-19 y su impacto sobre las condiciones económicas de las generaciones jóvenes. Según las conclusiones del informe, los jóvenes de nuestro país se enfrentan a diferentes problemas derivados de la crisis provocada por la COVID-19 en materia educativa, en lo relativo a sus condiciones laborales y al impacto económico que tendrá la transición medioambiental. En lo que respecta al

acceso de los jóvenes a una vivienda, el estudio destaca que la proporción de personas que poseen una vivienda residencial a los 30 años ha disminuido para aquellos ciudadanos que nacieron a partir del año 1980.

Examinado o expediente de referencia, tramitado polo Negociado de Planeamento e visto o informe do Servizo de Urbanismo de data do 5-07-2021, cuxa parte expositiva é do seguinte teor literal:

“ASUNTO: RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE DÁ CONFORMIDADE Á HOMOXENEIZACIÓN DOS NIVEIS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CATALOGADO NO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI), EN RELACIÓN COS ESTABLECIDOS NA LEI 5/2016, DO 4 DE MAIO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA.

Examinado o expediente de referencia, cómpre informar:

PRIMEIRO.- A Disposición transitoria primeira da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia literalmente dispón:

“Homoxeneización dos catálogos de protección.

Para la aplicación do establecido na sección 1ª do capítulo V do título I, en tanto os concellos non teñan aprobado un catálogo de protección adaptado ás determinacións da [Lei 5/2016, de 4 de maio](#), do patrimonio cultural de Galicia, a homoxeneización dos niveis de protección realizarase mediante resolución da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, a solicitude do concello correspondente”.

SEGUNDO.- Con data do 18-6-2021 rexistrouse de entrada neste Concello a resolución da Directora Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, de data do 3-5-2021, pola que se dá

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

conformidade á homoxeneización, formulada por este Concello, dos niveis de protección do patrimonio catalogado no Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado de Lugo e a súa zona de influencia (PEPRI), en relación cos establecidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.”

Este Concelleiro-Delegado, propón que, polo Excmo. Concello Pleno, se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Tomar razón da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, de data do 3-5-2021, que a continuación se transcribe na súa integridade, pola que se dá conformidade á homoxeneización, formulada por este Concello, dos niveis de protección do patrimonio catalogado no Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado de Lugo e a súa zona de influencia (PEPRI), en relación cos establecidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia:

“ANTECEDENTES

O 20.11.2020 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, a través do sistema de interconexión de rexistros, un oficio do dito concello no que solicitaba “en virtude do establecido na disposición transitoria primeira da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, a correspondente resolución dea Dirección Xeral de Patrimonio Cultural relativa á homoxeneización dos catálogos de protección do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LUGO (...) e do Planeamento incorporado URPI-1.R “PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DEL RECINTO AMURALLADO DE LUGO Y SU ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI)”. Asemade xuntábase o informe emitido o 13.09.2020 polo Servizo Municipal de Arquitectura, ao efecto.

O 25.11.2020 a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural (en diante SXPPC) emitiu unha resposta na que se concluíu que “(...) en ningún dos casos se achegan contrastadas as definicións dos niveis de protección recollidos na LPCG cos dos distintos plans para os que se pretende a homoxeneización, así como a posta en relación coas intervencións autorizables segundo o artigo 42 da LPCG.

De igual xeito, de pretender a homoxeneización para o resto de elementos do catálogo que non son inmobles (fontes, muros do espazo público, ...), achegarase a proposta de homoxeneización cos criterios expostos no parágrafo anterior.”

O 22.04.2021 tivo entrada no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo un oficio do concello de Lugo no que se solicita a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural á proposta de homoxeneización relativa ao Catálogo do PEPRI, elaborada polo xefe do Servizo de Arquitectura do concello de Lugo, que se xunta co oficio.

O 28.04.2021 a SXPPC emitiu un informe no que se daba resposta á proposta de homoxeneización solicitada polo Concello de Lugo.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

a. A Disposición Transitoria Primeira (en diante DT 1ª) da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (en diante

LRRR) establece que para a aplicación do establecido na sección 1ª do capítulo V do título I, en tanto os concellos non teñan aprobado un catálogo de protección adaptado ás determinacións da LPCG, será preciso a homoxeneización dos niveis de protección, que se realizará mediante unha resolución da DXPC, por solicitude do concello correspondente.

Neste caso, o PEPRI non se atopa adaptado á vixente LPCG, polo que lle é de aplicación a dita DT 1ª da LRRR.

- b. A sección 1ª do capítulo V, do Título I, da LRRR establece as normas de aplicación directa nas intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na LPCG e os ámbitos obxecto de planeamento especial de protección. Parte delas xa estaban recollidas na Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento (DOG núm. 231 do 05.12.2017).
- c. O PEPRI recolle nos seus artigos 56 a 61 as definicións dos tipos de actuacións e obras nos edificios.

A súa vez, a vixente LPCG establece no seu artigo 40 as definicións dos tipos de intervencións.

O informe remitido polo concello de Lugo e asinado polo xefe do Servizo de Arquitectura do dito concello, analiza as definicións dos distintos tipos de intervencións sobre os bens catalogados recollidas no PEPRI e na LPCG, e establece, en función delas, a seguinte equiparación:

Tipo de obras permitidas polo PEPRI	Modelos de intervencións permitidas art. 40 LPCG
art. 57 conservación	art. 40.c mantemento art. 40.d conservación
art. 58 restauración	art. 40.d conservación art. 40.e consolidación art. 40.f restauración art. 40.g rehabilitación (*), en parte asimilable as obras de restauración do PEPRI (baixo un plan integral de restauración)
art. 59 readaptación	art. 40.g rehabilitación
art. 60 reestruturación	art. 40.h reestruturación
art. 61 ampliación	art. 40.i ampliación

- d. O PEPRI establece 4 niveis de protección coas seguintes definicións:

Nivel 1. Edificios monumentales y de valor excepcional, arquitectónico, histórico artístico y cultural.

Se aplica este nivel de protección integral a las edificaciones que presentan una excepcional calidad arquitectónica y valor histórico, y representan hitos en la escena urbana, tengan o no la consideración de Monumentos declarados. Deben mantenerse en su total integridad, con especial respeto de sus características singulares y de los elementos que lo componen, procurándose su conservación y recuperación por todos los medios de la técnica.

Nivel 2. Edificios de características singulares y de elevado valor arquitectónico, histórico o cultural.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

Se aplica este nivel de protección a los edificios que poseen una elevada calidad en su conformación arquitectónica global, tanto exterior como interior, lo que determina su valoración singularizarse y su conservación con tratamientos específicos para mantener sus condiciones arquitectónicas tanto volumétricas, estructurales y tipológicas como ambientales, sin perjuicio de obras interiores o exteriores con ello compatibles y adecuadas al uso pertinente a su estructura y función urbana.

Nivel 3. Edificios de características tipológicas y compositivas de especial significación arquitectónica y ambiental.

Se aplica este nivel de protección a aquellos edificios de valor arquitectónico que por sus características tipológicas y coherencia ambiental, deben conservarse en sus características fundamentales, sin que requieran su protección integral interna.

Nivel 4. Edificios de interés en el ambiente urbano.

Se aplica este nivel de protección al conjunto de arquitecturas, cultas o populares, que por su grado de coherencia arquitectónica y etnográfica informan de la cualidad general del ambiente edificado o son expresión de la cultura arquitectónica tradicional, y que caracterizan a la ciudad histórica como un Conjunto de interés cultural. Como tales, deben ser objeto de conservación al menos en lo que a su configuración exterior se refiere.

A súa vez, a vixente LPCG establece 3 niveis de protección no seu artigo 41:

- integral: conservación íntegra dos bens e de todos os seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal desde a perspectiva de todos os valores culturais que conforman o interese do ben, respectando a súa evolución, transformacións e contribucións ao longo do tempo.
- Estrutural: conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.
- Ambiental: conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens que, malia non presentaren un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.

O informe remitido polo concello de Lugo presenta unha análise das posibles equivalencias entre os niveis de protección do PEPRI e da LPCG, que se achega no Anexo desta Resolución.

e. O dito informe, remitido polo concello de Lugo, conclúe que a homoxeneización de niveis de protección quedaría do seguinte xeito, coas limitacións establecidas no PEPRI:

PEPRI	LPCG
Nivel 1	Protección integral. Non son de aplicación as Normas de aplicación directa.(*)
Nivel 2	Protección estrutural coas seguintes particularidades: a) As obras de reestruturación parcial non afectarán a máis do 25 % da superficie total do inmovible e manterá o sistema tipolóxico estrutural na súa disposición espacial orixinaria. b) As obras de reestruturación total ou maioritaria restituirán o sistema tipolóxico estrutural alterado. Excepcionalmente se permitirá a reestruturación maioritaria ou total con mantemento do sistema tipolóxico estrutural, cando a súa necesidade estea

	<p>suficientemente xustificada por un cambio de programa de uso ou declaración de ruína, sen prexuízo da preservación dos elementos catalogados. Se conservarán en todo caso, os elementos de acceso e núcleos de escaleiras.</p> <p>c) Manteranse os elementos de acceso e os núcleos de escaleira.</p> <p>d) Manteranse os materiais estruturais orixinais</p>
Nivel 3	<p>Protección estrutural coas seguintes particularidades:</p> <p>a) Permítense obras de reestruturación parcial, reestruturación maioritaria ou total con mantemento do tipo estrutural e conservación, na súa ubicación e tipo, de accesos e núcleos de escaleiras, cando se xustifique por un cambio no programa de usos ou declaración de ruína. Ampliación contemplada no Plan Especial. Se conservarán, en todo caso, os elementos catalogados, tanto exteriores como interiores.</p> <p>Poderanse empregar materiais non orixinais (como a madeira laminada ou a estrutura metálica), pero en ningún caso, se poderán eliminar ou rasgar as medianeiras catalogadas.</p>
Nivel 4	<p>Protección ambiental coas seguintes particularidades:</p> <p>a) Manterase o tipo estrutural, pero podendo empregar materiais non orixinais (como a madeira laminada ou a estrutura metálica) pero en ningún caso, se poderán eliminar ou rasgar as medianeiras catalogadas.</p> <p>b) Se conservarán, en todo caso, os elementos catalogados, tanto exteriores como interiores.</p>

(*) O artigo 40 da LRRR, comprendido na sección 1ª do capítulo V do título I da LRRR, establece o ámbito de aplicación destas normas de aplicación directa, excluindo dela aos bens inmobles individualmente declarados de interese cultural e aos catalogados con nivel de protección integral.

f. No informe emitido pola SXPPC o 28.04.2021, no que se avaliaba a proposta realizada polos servizos técnicos do concello, concluíase que as equivalencias propostas (táboa recollida no punto e. anterior) son axeitadas, toda vez que se teñen analizados os tipos de intervencións permitidas en función do nivel de protección (táboa recollida no Anexo), que non minora a protección do patrimonio cultural no ámbito do PEPRI e que as Normas de aplicación directa da LRRR, para as que é obrigado o establecemento da homoxeneización de niveis de protección, non son de aplicación aos edificios individualmente declarados bens de interese cultural nin aos catalogados que teñan un nivel de protección integral. Asemade, establecía que a resolución da DXPC que establecera a homoxeneización dos niveis de protección entre o PEPRI do Recinto Amurallado de Lugo e a súa zona de Influencia e a LPCG, recollería, ademais da táboa de equivalencias (punto e. anterior) e da táboa dos tipos de intervencións permitidas en función do nivel de protección (punto c. anterior), as seguintes cláusulas:

- Correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia¹ e as distintas administracións públicas cooperarán para que as competencias respectivas se exerzan conforme o establecido na LPCG.
- Cando as fichas do Catálogo relativas aos bens obxecto de protección cultural non contén con suficiente definición, non especifiquen cales son os elementos singulares especificamente protexidos ou se descoñeza cales son os elementos que xustificaron a necesidade da súa protección, non poderán ser obxecto deste tipo de norma e precisarán da preceptiva autorización² por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

Ademais, cando existan incoherencias ou diferencias entre a realidade existente e a recollida nas fichas do Catálogo do PEPRI, sexa a diferenza do tipo que sexa, será necesaria a preceptiva autorización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

O conxunto histórico – artístico do recinto intramuros da muralla de Lugo foi declarado ben de interese cultural (en diante BIC) polo Decreto 443/1973, do 22 de febreiro, polo que se declara conxunto histórico – artístico nacional do recinto intramuros da muralla romana de Lugo (BOE núm. 62 do 13.03.1973).

O Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado de Lugo e a súa zona de Influencia (en diante PEPRI) foi aprobado definitivamente o 03.02.1997 (DOG núm. 123 do 27.06.1997 e BOP 21.07.1997) polo Pleno do concello.

O PEPRI incorporouse ao vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM) aprobado o 29.04.2011.

A DT 1ª da LRRR establece que para a aplicación do establecido na sección 1ª do capítulo V do título I, en tanto os concellos non teñan aprobado un catálogo de protección adaptado ás determinacións da LPCG, será preciso a homoxeneización dos niveis de protección, que se realizará mediante unha resolución da DXPC, por solicitude do concello correspondente.

A sección 1ª do capítulo V, do título I da LRRR (art. 40 a 43), fai referencia ás normas de aplicación directa nas intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na LPCG e os ámbitos obxecto de planeamento especial de protección, en concreto:

- Aos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na LPCG, ou dos seus contornos de protección e zonas de amortecemento, así como a aqueloutros edificios incluídos en ámbitos sobre os que exista a obriga legal de redactar un plan especial de protección do patrimonio cultural, estea ou non aprobado.
Porén, non serán aplicables aos inmobles individualmente declarados bens de interese cultural nin aos catalogados que teñan un nivel de protección integral.
- Aos edificios con nivel de protección ambiental ou nivel de protección asimilable, coas limitacións sinaladas no art. 41 da LRRR.
- Aos edificios con nivel de protección estrutural ou nivel de protección asimilable, coas limitacións sinaladas no art. 42 da LRRR.

- Ao parcelario, coas limitacións sinaladas no art. 43 da LRRR.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural é competente para resolver este expediente segundo o artigo 30.1. letra f) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e o artigo 24.1.f) do Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De acordo con todo o indicado,

RESOLVO

Dar conformidade á homoxeneización dos niveis de protección do patrimonio catalogado recollido no Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado de Lugo e a súa zona de Influencia, en relación cos establecidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, por solicitude do concello de Lugo, segundo os criterios establecidos no apartado de Consideracións técnicas desta resolución.

ANEXO. Equivalencias propostas entre os niveis de protección do PEPRI e da LPCG

PEPRI			LPGC			Homoxeneización proposta
Nivel	Obras	Arts	Nivel	Obras	Arts	
1	<p><u>Tipos de actuacións xerais autorizadas:</u> Restauración.</p> <p><u>Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares:</u> No marco dun Plan Director de Restauración do edificio, poderanse autorizar actuacións de readaptación con valoración arquitectónica e de reestruturación parcial.</p> <p><u>Obras parciais autorizadas:</u> Autorízanse, con independencia doutras actuacións xerais, obras de reparación e consolidación, así como obras tendentes ao cumprimento da Normativa de Protección de Incendios, normas técnicas sobre instalacións e similares requiridas para a funcionalidade das instalacións. Tales obras integraranse en Proxectos que contemplan a súa adecuación aos valores arquitectónicos do edificio. Nos edificios declarados BIC as actuacións someteranse á previa autorización da Administración de Patrimonio da Xunta de Galicia. Nos edificios situados no seu entorno estarase ao disposto no art. 47.2 da LPCG*. En calquera caso estarase ao disposto no art. 39 da LPCG*.</p> <p>*LPCG = Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia</p>	57 58	Integral	<p>a) As de investigación, valoración, mantemento, conservación, consolidación e restauración.</p> <p>b) As de rehabilitación poderán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garanta a súa conservación e o acceso público a el.</p> <p>c) As ampliacións dun ben inmovible, exclusivamente en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e se resolvan como volumes diferenciados.</p> <p>d) As de reconstrución, de xeito excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais dos que se poida probar a súa autenticidade e posición orixinal.</p>	40.c 40.d 40.e 40.f	As obras do Nivel 1 do PEPRI, enténdese que poden ser asimilables ás de protección integral, as contempladas na vixente lei 5/2016; As ampliacións de existir veñen determinadas nas fichas de clasificación e nos planos de alzado.
2	<p><u>Tipos de actuacións xerais autorizadas:</u> Restauración, readaptación.</p>	58 59 60*	Estrutural	<p>a) As de investigación, valoración, mantemento, conservación, restauración,</p>	40.c 40.d 40.e	As obras do Nivel 2 do PEPRI, poden ser asimilables ás

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

	<p><u>Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares(*)</u>: Reestruturación parcial con mantemento do sistema tipolóxico estrutural na súa disposición espacial orixinaria (<25% superficie total del edificio). Reestruturación maioritaria ou total para a restitución do sistema tipolóxico estrutural alterado. Excepcionalmente permitirase a reestruturación maioritaria ou total con mantemento do sistema tipolóxico estrutural, cando a súa necesidade estea suficientemente xustificada por un cambio de programa de uso ou declaración de ruína, sen prexuízo da preservación dos elementos catalogados. Conservaranse en todo caso os elementos de acceso e núcleos de escaleiras estas actuacións terán en conta a obriga de manter, os materiais estruturais orixinais. <u>Obras particulares autorizadas</u>: Autorízanse con independencia doutras actuacións xerais as parciais de rehabilitación de pisos e locais, e as de consolidación.</p>			<p>consolidación e rehabilitación. b) As de reestruturación puntual ou parcial (*) poderán autorizarse se a través do proxecto de intervención se xustifica a súa necesidade de forma específica e documentada e se se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes cos orixinais. c) As ampliacións, en planta e en altura, dun ben inmueble no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial. d) As de reconstrución, de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan probar.</p>	<p>40.f 40.g 40.h*</p>	<p>contempladas para a protección estrutural coas seguintes particularidades: A reestruturación parcial co límite do 25 % da superficie total do inmueble, mantendo a disposición espacial orixinaria, a tipoloxía estrutural e o material orixinal. Se autoriza a reestruturación total ou maioritaria cumprindo os mesmos condicionantes que para a reestruturación parcial no suposto de cambio do programa de uso ou declaración de ruína Manteranse materiais orixinais, tipoloxía estrutural na súa disposición espacial orixinaria e os elementos de acceso e núcleos de escaleiras.</p>
3	<p><u>Tipos de actuacións xenerais autorizadas</u>: Readaptación. <u>Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares</u>: (*) Reestruturación parcial, reestruturación maioritaria ou total con mantemento do tipo estrutural e conservación, na súa ubicación e tipo, de accesos e núcleos de escaleiras, cando se xustifique por un cambio no programa de usos ou declaración de ruína. Ampliación contemplada no Plan Especial. Conservaranse, en todo caso, os elementos catalogados, tanto exteriores como interiores. <u>Obras particulares autorizadas</u>: Autorízanse con independencia doutras actuacións xerais as parciais de rehabilitación de pisos e locais, adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores prevista en fichas individualizadas, reordenación volumétrica prevista en fichas individualizadas, e consolidación.</p>	<p>58 59 60*</p>	<p>Estrut ural</p>	<p>a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, restauración, consolidación e rehabilitación. b) As de reestruturación puntual ou parcial (*) poderán autorizarse se a través do proxecto de intervención se xustifica a súa necesidade de forma específica e documentada e se se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes cos orixinais. c) As ampliacións, en planta e en altura, dun ben inmueble no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial. d) As de reconstrución, de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan probar.</p>	<p>40.c 40.d 40.e 40.f 40.g 40.h* 40.i**</p>	<p>As obras do Nivel 3 do PEPRI, poden ser asimilables ás actuacións permitidas no nivel de protección estrutural, engadindo as de rehabilitación e, en circunstancias particulares (cambio no programa de uso ou ruína), permitir a reestruturación, neste caso debe manterse o tipo estrutural e conservar na súa ubicación e tipo os accesos e os núcleos de escaleira, pero pódese introducir materiais non orixinais como son a madeira laminada e a estrutura metálica sempre que manteña o tipo estrutural. Os muros medianeiros están catalogados en todos os inmobles clasificados polo que en ningún caso poderán ser rasgados.</p>
4	<p><u>Tipos de actuacións xenerais autorizadas</u>: Readaptación, reestruturación parcial. <u>Actuacións xerais autorizables</u></p>	<p>58 59 60*</p>	<p>Ambi ental</p>	<p>a) As de investigación, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación e reestruturación</p>	<p>40.c 40.d 40.e 40.f</p>	<p>As obras do Nivel 4 do PEPRI, poden ser asimilables ás actuacións permitidas</p>

	<p>en circunstancias particulares: (* Reestruturación parcial, reestruturación maioritaria ou total xustificada por un cambio no programa de usos ou declaración de ruína. Ampliación contemplada no Plan Especial. Conservaranse, en todo caso, os elementos catalogados. Obras particulares autorizadas: Autorízanse con independencia doutras actuacións xerais as parciais de rehabilitación de pisos e locais, adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores prevista en fichas individualizadas, reordenación volumétrica prevista en fichas individualizadas, e consolidación.</p>		<p>parcial ou total. b) As de ampliación, sempre que non supoñan unha deterioración ou destrución dos valores culturais que aconsellaron a súa protección.</p>	<p>40.g 40.h* 40.i** 40.j</p>	<p>no nivel de protección ambiental, coas limitacións do propio PEPRI, autorízase a reestruturación parcial menor ao 25 % da superficie e en circunstancias particulares (cambio no programa de uso ou ruína) autorízase a reestruturación maioritaria ou total aínda que será necesario o mantemento da tipoloxía estrutural podendo cambiar o material (madeira laminada, estrutura metálica,...) pero en ningún caso poderá eliminarse ou rasgarse as medianeiras catalogadas.</p>
<p>60(*) parcial ou mantemento do tipo estrutural. (**) As obras de ampliación en fondo ou altura das edificacións catalogadas están grafadas ou nos planos de planta ou nos de alzados así como contemplados nas propias fichas dos inmobles, quedando determinadas as alturas de cornixas e os fondos"</p>					

SEGUNDO.- Proceder á publicación íntegra deste acordo, para xeral coñecemento, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."

De todo o cal, a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

PERSOAL

10/115 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4726 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS, RELATIVO AO LEVANTAMENTO DE REPARO DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS REALIZADOS POR PERSOAL DO TALLER DE AUGAS NOS MESES DE MARZO, ABRIL, MAIO, XUÑO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2020.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Xefe do Servizo de Persoal, conformada pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 25 de xuño de 2021, que seguidamente se transcribe:

"Asunto.- Dación de conta ó Pleno do Decreto da Alcaldía:

-Número 4726/2021, de tres de xuño, relativo ao levantamento de reparo efectuado pola Excma. Sra. Alcaldesa de Lugo ao informe emitido polo Interventor Municipal de ref. 2021/812 (21-05-2021), no expediente de solicitude de aboamento pola realización de servizos extraordinarios levados a cabo por persoal do Taller de Augas nos meses de marzo, abril, maio, xuño, agosto e setembro de dous mil vinte, por non constar a preceptiva

autorización para a realización dos servizos extraordinarios e por superar o límite establecido no Regulamento Interno de Persoal.

Examinado o expediente de referencia neste obran, entre outros, os seguintes:

ANTECEDENTES

Polo Decreto da Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo número 4726/2021 do tres de xuño de dous mil vinte e un, formulase o levantamento de reparo/discrepancia formulada pola Intervención Municipal, en relación cos expedientes de aprobación e pagamentos de gratificacións por servizos extraordinarios realizados polo persoal sinalado no parágrafo anterior nos meses de marzo, abril, maio, xuño, agosto e setembro de dous mil vinte.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O levantamento de reparo por parte da Alcaldía é unha cuestión que aparece regulada nos artigos 215 e seguintes do Real decreto 2/2005 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, na súa redacción formulada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e sostibilidade da Administración local, nos seguintes termos:

“Artículo 215. Reparos.

Si en el ejercicio de la función interventora el órgano interventor se manifestara en desacuerdo con el fondo o con la forma de los actos, documentos o expedientes examinados, deberá formular sus reparos por escrito antes de la adopción del acuerdo o resolución.

Artículo 216. Efectos de los reparos.

1. Cuando la disconformidad se refiera al reconocimiento o liquidación de derechos a favor de las entidades locales o sus organismos autónomos, la oposición se formalizará en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá la tramitación del expediente.

2. Si el reparo afecta a la disposición de gastos, reconocimiento de obligaciones u ordenación de pagos, se suspenderá la tramitación del expediente hasta que aquél sea solventado en los siguientes casos:

a) Cuando se base en la insuficiencia de crédito o el propuesto no sea adecuado.

b) Cuando no hubieran sido fiscalizados los actos que dieron origen a las órdenes de pago.

c) En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales.

d) Cuando el reparo derive de comprobaciones materiales de obras, suministros, adquisiciones y servicios.

Artículo 217. Discrepancias.

1. Cuando el órgano a que afecte el reparo no esté de acuerdo con este, corresponderá al presidente de la entidad local resolver la discrepancia, siendo su resolución ejecutiva. Esta facultad no será delegable en ningún caso.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

Artículo 218. Informes sobre resolución de discrepancias.

1.- El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2.- Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3.- El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local".

Convén sinalar, ademais, que o levantamento de reparo efectuado pola Excm. Sra. Alcaldesa a través do Decreto da Alcaldía número 4726/2021 do tres de xuño de dous mil vinte e un, ten a súa xustificación legal na reiterada doutrina xurisprudencial dictada polo Tribunal Supremo e polos Tribunais Superiores de Xustiza relativa á interdicción do enriquecemento inxusto (Sentenzas do Tribunal Supremo de 11/05/89, 13/07/84, 20/10/87, 11/02/91, 19/11/92, etc, e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria de 20/07/2000), máxime tendo en conta que no referido expediente consta plenamente acreditado que os precitados servizos extraordinarios foron realizados no seu día polo persoal deste Concello polo que lle corresponde á Administración municipal proceder o seu pagamento.

Resulta especialmente significativa, neste senso, a reiterada doutrina xurisprudencial ditada polo Tribunal Supremo en canto contempla a doutrina do

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

enriquecemento inxustificado tanto como aplicación dun principio xeral propiamente dito, como aplicación dunha institución xurídica autónoma, como así o recoñece expresamente a Sentenza do Tribunal Supremo nº 82/2016, de 19 de febreiro (RJ 2016/710), en canto sinala literalmente, entre outros extremos, no seu Fundamento de Dereito Segundo, que:

“SEGUNDO.- 1. La parte demandada, al amparo del ordinal tercero del [artículo 477. 2 LEC \(RCL 2000, 34, 962 y RCL 2001, 1892\)](#) , interpone recurso de casación que articula en dos motivos, habiendo sido inadmitido el primero de ellos.

En el motivo segundo, que ha resultado admitido, denuncia la aplicación indebida de la doctrina del enriquecimiento injustificado, particularmente de su carácter subsidiario; con cita de la [STS de 7 de diciembre de 2011 \(RJ 2012, 31\)](#) .

2. En el presente caso, por la fundamentación que a continuación se expone, el motivo planteado debe ser desestimado.

3. Con carácter general la doctrina jurisprudencial de esta Sala contempla la doctrina del enriquecimiento injustificado tanto como aplicación de un principio general, propiamente dicho, como aplicación de una institución jurídica autónoma. En este sentido, la [STS de 13 de enero de 2015 \(núm. 768/2015 \(RJ 2015, 267\)\)](#) , entre otros extremos, declara:

«[...] En realidad; como hemos recordado en otras ocasiones, el enriquecimiento injusto «tiene en nuestro ordenamiento no sólo la significación de un principio de Derecho aplicable como fuente de carácter subsidiario, sino muy acusadamente la de una institución jurídica recogida en numerosos preceptos legales aunque de forma inconexa» ([Sentencia de 1 de diciembre de 1980 \(RJ 1980, 4732\)](#)), con cita de la anterior de 12 de enero de 1943).

Como principio general del derecho, cuya formulación sería «nadie debe enriquecerse injustamente o sin causa a costa de otro», se aplica de forma subsidiaria, en defecto de ley y de costumbre, y también informa el Derecho patrimonial, para evitar que puedan producirse enriquecimientos injustos, y contribuye a su interpretación en tal sentido. Como institución jurídica autónoma (enriquecimiento sin causa), y sin perjuicio de las eventuales previsiones legales, su aplicación descansa sobre la concurrencia de un elemento económico (la ganancia de uno, correlativa al empobrecimiento de otro, mediando un nexo de causalidad entre ambas), y una condición jurídica (la ausencia de causa justificativa)».

Por conseguinte, vistos os antecedentes anteriormente expostos, procede darlle conta ó Pleno do Concello de Lugo do Decreto da Alcaldía número 4726/2021 do tres de xuño de dous mil vinte e un, relativo ao levantamento de reparo efectuado pola Excm. Sra. Alcaldesa de Lugo ao informe emitido polo Interventor Municipal **de ref. 2021/812 (21-05-2021)** nos expedientes de solicitude de aboamento pola realización de servizos extraordinarios que non contaban coa preceptiva autorización para realizalos ou que superaban o límite establecido no Regulamento Interno de Persoal, correspondentes aos meses de marzo, abril, maio, xuño, agosto e setembro de dous mil vinte a persoal do Taller de Augas.

Con base no anteriormente exposto propónse, de conformidade co establecido no artigo 217.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que polo Concello Pleno de Lugo se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Dar conta ó Pleno do Concello de Lugo do Decreto da Alcaldía número 4726/2021 do tres de xuño de dous mil vinte e un, relativo ao levantamento de reparo efectuado pola Excm. Sra. Alcaldesa de Lugo ao informe emitido polo Interventor Municipal **de ref. 2021/812 (21-05-2021)** no expediente de solicitude de aboamento pola realización de servizos extraordinarios que non contaban coa preceptiva autorización para a súa realización e que superaban os límites establecidos no Regulamento Interno de Persoal, a traballadores do Taller de Augas correspondentes aos meses de marzo, abril, maio, xuño, agosto e setembro de dous mil vinte.

Segundo.- Dar traslado do acordo plenario que se adopte ao Servizo de Intervención Municipal co fin de que lle remita anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados pola Alcaldesa e polo Pleno contrarios aos reparos formulados, e isto de conformidade co previsto no artigo 218.3 do Real Decreto 2/2005, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.”

De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

11/116 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE XUÑO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN.- En conformidade co informe da Vicesecretaría Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 13 de xuño de 2021, coa numeración 5082/2021 a 6281/2021, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2021.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

Fóra da orde do día, elevouse o seguinte asunto: MOCIÓN DE

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refº: ispac3041676396845602403.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-7-20211

URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 260/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE CUBA AO CESAMENTO DA VIOLENCIA INJUSTIFICADA CONTRA OS SEUS CIDADÁNS E APOIAR UNHA TRANSICIÓN PACÍFICA Á DEMOCRACIA NA QUE TODOS OS CUBANOS POIDAN ELIXIR O SEU FUTURO EN LIBERDADE.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Queren facer uso para motivar a urxencia sen entrar no fondo do tema?

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Si, grazas, alcaldesa. A urxencia, como vostede ben sabe, débese a que na Xunta de Portavoces no Partido Popular presentamos unha declaración institucional para exixir ao Goberno de Cuba o cesamento da violencia inustificada contra os seus cidadáns e apoiar a transición pacífica á democracia na que todos os cubanos poidan elixir o seu destino. Visto que vostedes, como Goberno, vetaron esta declaración, este é o motivo polo que nos vimos obrigados a presentar esta moción contra a ditadura comunista que vostedes parece que apoian en Cuba.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Non motivou a urxencia; simplemente, como non foi como declaración que a meten como proposta. É lexítimo pero aí non está motivada a urxencia. Pero bueno, en todo caso, procedemos a ese argumento utilizado, procedemos entón a votar a urxencia da mesma.

Tras a xustificación efectuada, sométese a votación a declaración de urxencia, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

En virtude de todo o cal, e ao non terse obtido o quórum de maioría absoluto legalmente requirido, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a urxencia da moción presentada.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as once horas e trinta e seis minutos do expresado día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e da Secretaria. De todo o cal, eu, dona María García Ferro, Vicesecretaria da Corporación, dou fe.